

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 29 DE NOVEMBRO DE 2021

### ASISTENTES:

Alcalde-Presidente en funcións:

D<sup>a</sup>. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D. Gonzalo Ferreiro Rego (*ídem*)

D<sup>a</sup>. Verónica Vigo Santamariña (*ídem*)

D. Ángel Salvador García Cordero (*ídem*)

D. Eduardo Rodríguez Rey (*ídem*)

D<sup>a</sup>. Soraya María Fernández Leal (*ídem*)

D. José Manuel Sanmartín Fornos (*ídem*)

D. Eduardo José Pereira Armoso (PP)

D. Roberto Rey Fernández (*ídem*)

D<sup>a</sup>. Cristina Bouza Bellón (BNG-G. Mixto)

D. Carlos Caaveiro Puentes (MOVENEDA-G. Mixto)

*Na Casa da Cultura da Vila de Neda, sendo as doce horas e catro minutos do día vinte nove de novembro de dous mil vinte e un, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia da Sra. Primeira Tenente de Alcalde, D<sup>a</sup>. Ana Rosa Pena Barcia, reúnese en sesión de carácter extraordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, escusando a súa asistencia o Sr. Alcalde, motivada por impedimento de forza maior, así como a Sra. Concelleira D<sup>a</sup>. Ángeles Puentes Maceiras. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora desta entidade, D<sup>o</sup>. Sonia Lorenzo Barbeito.*

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

Previamente, a Presidencia xustifica a realización da sesión plenaria na Casa da Cultura en lugar de celebrarse no Salón de Sesións, co obxecto de cumprir os protocolos de seguridade e saúde establecidos como consecuencia da pandemia covid-19.

Por parte da Sra. Primeira Tenente de Alcalde, infórmase ao Pleno, de conformidade co previsto no artigo 21 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que debido a un impedimento por causa de forza maior, comunicado polo Sr. Alcalde fai escasamente unha hora, asume a Primeira Tenencia da Alcaldía a presidencia do Pleno.

### **1º.- APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES) DO CONCELLO DE NEDA**

O Pleno deste Concello de Neda, en sesión ordinaria de 14 de decembro de 2020, adheriuse á “Iniciativa europea do pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía”, mediante acordo cuxa parte dispositiva estableceu literalmente:

- “A adhesión do Concello de Neda ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

- Facultar ao Alcalde de Neda, D. Ángel Alvariño Saavedra, a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución”.

Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 26/07/2021, aceptou a axuda de 6.0000 €, concedida por resolución da directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 26 de xaneiro de 2021, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras da segunda convocatoria para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, para “a asistencia técnica na elaboración dun Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES)”.

O mesmo órgano municipal, en sesión celebrada o día 30/08/2021, aprobou o expediente para a contratación do servizo de “Elaboración dos plans de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES)”, mediante contrato menor, fixando como importe máximo de licitación a cantidade de 6.000,00 € IVE incluído (4.958,68 €+ 1.041,32 € do 21% do IVE), e único criterio de valoración factor prezo, autorizando expresamente ao Sr. Alcalde-Presidente para cursar invitacións a un mínimo de tres persoas naturais ou xurídicas que teñan capacidade para contratar e contén coa habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións obxecto do contrato, a fin de que, si o estimaban oportuno, presentasen as súas ofertas dentro do prazo de 5 días naturais.

Consta no expediente tramitado ao efecto que, en cumprimento de tal acordo, cursáronse invitacións ás seguintes empresas:

- Axia Consulting Group
- Inocua Tech S.L.
- Peninsular S.L.

Presentándose polos licitadores as seguintes ofertas:

LICITADOR	PREZO OFERTADO		
	SEN IVE	IVE	TOTAL
Axia Consulting Group	4.958,68 €	1.041,32 €	6.000,00 €
Inocua Tech S.L.	5.600,00 €	1.176,00 €	6.776,00 €
Peninsular S.L.	5.500,00 €	1.155,00 €	6.655,00 €

A propia Xunta de Goberno Local deste Concello de Neda, á vista das ofertas presentadas,

acordou en sesión de 13 de setembro de 2021:

“1º.- Adxudicar a Axia Consulting Group, con CIF B70022116, domicilio en Rúa Montero Ríos, 10 - 1º A, 15701 Santiago de Compostela e correo electrónico axia@axiacg.com, o contrato menor para a prestación do servizo de “Elaboración dos plans de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES)”, polo prezo ofertado de 6.000,00 € IVE incluído (4.958,68 € máis 1.041,32 € do 21% do IVE).

2º.- Aprobar o gasto por importe de 6.00,00 €, con cargo á partida 1722 22699 do orzamentos de gastos.

3º.- Notificar o presente acordo aos licitadores participantes neste procedemento”.

Axia Consulting Group presenta neste Concello de Neda, en data 24 de novembro de 2021, o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) do Concello de Neda, que, a proposta da Presidencia, sométese á aprobación do Pleno da Corporación.

**DEBATE:** Consta en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (11 votos), presta aprobación ao Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) do Concello de Neda.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as doce horas e dezanove minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral